

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 21/08/2018 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xullo do 2018.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xullo 2018 terá lugar neste municipio dende o día 22 de agosto de 2018 ata o día 22 de outubro de 2018.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 24 de agosto de 2018.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2623

A FONSAGRADA*Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE TRABALLADOR/A SOCIAL

Por decreto de alcaldía de data 11 de setembro de 2018 aprobáronse as bases para creación dunha bolsa de emprego temporal para a categoría de traballador/a social

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo dedez días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello da Fonsagrada deberá adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes.

Taxas por dereitos de exame: 15 € a ingresar na conta do Concello nº ES12 2080 0118 4331 1000 0028 (achegar coa solicitude o xustificante de pagamento).

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e napáxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 12 de setembro de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 2624

OUTEIRO DE REI*Anuncio*

Convocatoria de Axudas á Escolarización 2018/2019.-

Dende fai algúns anos, e con soporte no xa derogado artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o concello ven convocando anualmente a concesión de axudas á escolarización de nenos, identificando como gasto subvencionable o material escolar vencellado á escolarización obrigatoria.

O artigo 28 foi derogado pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade de administración local, se ben o artigo 3.3.b. da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite seguir a prestar a actividade de fomento xa estrabrecida en exercicios anteriores, cal é o caso das axudas á escolarización.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Aprobar a seguinte convocatoria de axudas á escolarización:

Primeiro: Obxeto e condicións da concesión da subvención: